



BASES: XII CERTAME DE PINTURA RÁPIDA O AR LIBRE VILA DE CEDEIRA. – 30 de agosto de 2026

1ª.- Poderán participar neste certame tódolos/as artistas que o desexen. Cada participante só poderá presentar unha obra e non poderá asinala ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado.

2ª.- O estilo e a técnica serán libres, a súa temática xirará en torno á paisaxe, e o espazo físico no que se realicen debe ser no territorio que abrangue a parroquia de Cervo (lugares de Arrasa, As Lamelas, Calvario, O Cancelo, O Carreiro, Cervetelo, Chímparra, A Corredoira, Corveiro, O Covo, Eirado, Espiñaredo, Golmar, A Graña, Ludín, Magoira, Nebril, Punta Candieira, Rabadán, Remesal, Os Salgueiros, Sobolocovo, Trasmonte, Vilar e Vilas). A execución será directa, diante do motivo ou do modelo natural, non poidendo utilizarse para tal fin fotografías tomadas con antelación.

Os/as pintores/as deberán mandar vía whatsapp ao número 649876614 a localización do lugar onde vaian realizar a súa obra.

3ª.- O certame terá lugar o domingo 30 de agosto de 2026. As inscricións realizaranse o mesmo día do certame de 9:00 h. a 11:00 h. no posto de turismo e información situado na rúa Ezequiel López e serán gratúitas.

4ª.- Cada participante levará o material que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído (de ser posible) o seu cabaleta onde se expoñerá a súa obra posteriormente.

5ª.- O soporte non superará as medidas de 100 x 81 cm., e presentarse o día do certame de 9:00 a 11:00 h. da mañá no posto de inscrición (punto 3) para ser selado.

6ª.- O tempo para presentar as obras rematará as 18:00 horas e realizarase no control establecido na sala Áncora na praza Roxa, onde se coñecerá o ditame do xurado ás 19:00 horas. As obras participantes permanecerán en exposición na propia sala, ou no exterior en caso de que as condicións climatolóxicas o permitan, ata as 20:00 h. Os/as participantes con cadros non premiados poderán poñer á venda as súas obras durante o tempo de exposición asinándoas e poñéndolles na parte traseira o seu importe.

7ª.- O xurado que avaliará as obras está composto por profesionais das artes plásticas e/ou representantes da área de cultura do concello.

8ª.- As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Cedeira, así como os dereitos de reprodución.

9ª.- Os premios, que estarán suxeitos á retención fiscal establecida, serán:

1º.- 900€ e diploma

2º.- 700€ e diploma

3º.- 500€ e diploma

4 accésits de 100 € cada un.

Os/as premiados/as deberán solicitar o pago do premio no Rexistro do Concello, cunha solicitude xeral e aportando un certificado dun número de conta onde figure como titular a persoa que recibiu o premio, deberán achegar tamén unha copia do seu DNI. No caso de que as/os premiadas/os sexan menores de idade, será o pai, nai ou titor legal do representante do equipo que deberá aportar o certificado de IBAN e copia do DNI.

A data límite para solicitar o pago do premio será o 15 de outubro de 2026. Transcorrido este prazo se entenderá que desisten da súa solicitude.

10ª.- Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade deberán poñerse en contacto co número 649876614

11ª.- A participación neste certame implica a aceptación total das presentes bases.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.